

Laura Bassi (Bologna, 1711-1778)



Foi unha nena prodixio.

Estudou: Matemáticas, Filosofía, Anatomía, Historia Natural e Linguas. Foi profesora, dende 1731, primeiro de Anatomía e logo de Filosofía Natural (Ciencia) na Universidade de Boloña.

En 1732 foi elixida membro da Academia de Ciencias.

Como muller, tivo numerosas dificultades para exercer a súa profesión: debía obter permiso do Senado para impartir conferencias públicas.

En 1738 casou co médico e físico Giuseppe Veratti. Este matrimonio facilitoulle a súa carreira profesional, a pesar dos 12 fillos que tiveron.

En 1749, para paliar as dificultades que tiña no desempeño da súa profesión, inaugurou un laboratorio privado, que pronto se fixo famoso en toda Europa, e acolleu persoas de ciencia de renome e estudantes destinadas/os a destacar.

Só en 1776 o Senado de Boloña concedeulle a cátedra de Física experimental no Instituto de Ciencias.

Un cráter de Venus foi bautizado *Bassi* na súa honra.